<ul style="list-style-type: none"> <li>- Os xéneros artísticos máis destacados.</li> <li>- Manifestacións culturais e artísticas máis importantes, incluídas as contemporáneas e as pertencentes ao patrimonio local: os seus aspectos formais e a súa relación co contexto histórico.</li> <li>- A linguaxe visual como forma de comunicación.</li> <li>- Elementos de configuración visual: forma, cor e textura. Conceptos e posibilidades expresivas.</li> <li>- Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en dúas dimensións. Técnicas secas e húmidas. O seu uso na arte e as súas características expresivas.</li> <li>- Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en tres dimensións. O seu uso na arte e as súas características expresivas.</li> <li>- A linguaxe e a comunicación visual. Finalidades: informativa, comunicativa, expresiva e estética. Contextos e funcións.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
8	FUNDAMENTOS DO DEBUXO TÉCNICO	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica.	Expresarse nas producións xeométricas facendo un uso razoable das ferramentas e materiais.	TI	100
CA3.4 - Desenvolver producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, cunha intención previa, de forma individual ou colectiva.	Desenvolverse dunha maneira creativa e participativa na elaboración de representacións de carácter xeométrico.		
CA3.5 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, procurando as solucións e as estratexias máis adecuadas para as mellorar.	Mostrar o resultado de producións xeométricas explicando o seu proceso e intencións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Introducción á xeometría plana. Trazados xeométricos básicos. Introducción aos sistemas de representación: vistas diédricas.

UD	Título da UD	Duración
9	OS POLÍGONOS	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica.	Expresar conceptos e ideas mediante a representación de formas poligonais empregando dun xeito acertado as ferramentas de debuxo técnico.	TI	100
CA3.4 - Desenvolver producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, cunha intención previa, de forma individual ou colectiva.	Desenvolverse na creación de figuras poligonais cun resultado visual entendible e limpo valorando as súas propiedades.		
CA3.5 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, procurando as solucións e as estratexias máis adecuadas para as mellorar.	Mostrar dun xeito ordenado e clarificador as producións xeométricas evidenciando o proceso e o resultado.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Introducción á xeometría plana. Trazados xeométricos básicos. Introducción aos sistemas de representación: vistas diédricas.

UD	Título da UD	Duración
10	INTRODUCCIÓN Á SDO	4

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, procurando as solucións e as estratexias máis adecuadas para as mellorar.	Explicar os fundamentos dos sistemas de representación e concretamente do Sistema Diédrico.	PE	30
CA3.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica.	Expresarse na representación de figuras xeométricas en Sistema Diédrico facendo un uso razoable das ferramentas e materiais.	TI	70
CA3.4 - Desenvolver producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, cunha intención previa, de forma individual ou colectiva.	Desenvolverse dun xeito creativo e participativo na representación de sólidos en Sistema Diédrico familiarizándose coas cualidades do sistema.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Introducción á xeometría plana. Trazados xeométricos básicos. Introducción aos sistemas de representación: vistas diédricas.

UD	Título da UD	Duración
11	IMAXE FIXA E EN MOVEMENTO	8

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Analizar, de forma guiada, diversas producións artísticas, incluídas as propias e as dos seus iguais, desenvolvendo con interese unha mirada estética cara ao mundo e respectando a diversidade das expresións culturais.	Analizar os fundamentos de composición e mensaxe de obras fotográficas e/ou audiovisuais.	PE	45
CA2.1 - Analizar de xeito guiado as especificidades das linguaxes de diferentes producións culturais e artísticas.	Analizar particularidades de producións fotográficas e/ou audiovisuais.		
CA4.1 - Recoñecer os factores históricos e sociais que rodean as producións visuais e audiovisuais máis relevantes, así como a súa función e a súa finalidade.	Coñecer condicionantes sociais que arrodean á producións visuais e audiovisuais.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.2 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes visuais e audiovisuais, así como os seus distintos procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos.	Coñecer aspectos particulares de obras fotográficas e/ou audiovisuais.		
CA4.3 - Analizar de xeito guiado as especificidades das linguaxes de diferentes producións visuais e audiovisuais.	Familiarizarse con aspectos da linguaxe fotográfica e audiovisual.		
CA4.6 - Recoñecer os usos e as funcións das producións e das manifestacións artísticas, cunha actitude aberta e con interese por coñecer a súa importancia na sociedade.	Recoñecer a funcionalidade social de manifestacións artísticas de carácter visual e audiovisual.		
CA2.2 - Expresar ideas e sentimentos en diferentes producións plásticas e visuais a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes.	Ser capaz de expresarse utilizando imaxes tecnolóxicas.	TI	55
CA2.3 - Realizar diferentes tipos de producións artísticas individuais ou colectivas, integrando racionalidade, empatía e sensibilidade, e seleccionando as técnicas e os soportes adecuados ao propósito.	Realizar composicións fotográficas a partir de imaxes propias ou alleas.		
CA2.4 - Desenvolver producións e manifestacións artísticas cunha intención previa, de forma individual ou colectiva.	Desenvolver producións propias cunha intencionalidade plástica tecnolóxica.		
CA2.5 - Utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias.	Referenciar información cultural en producións propias.		
CA4.4 - Utilizar con creatividade referencias culturais y artísticas da contorna na elaboración de producións propias.	Facer referencias da contorna cultural en obras propias.		
CA4.5 - Desenvolver producións e manifestacións visuais cunha intención previa, de forma individual ou colectiva.	Desenvolver de xeito creativo producións propias e colectivas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Os xéneros artísticos máis destacados.</li> <li>- Manifestacións culturais e artísticas máis importantes, incluídas as contemporáneas e as pertencentes ao patrimonio local: os seus aspectos formais e a súa relación co contexto histórico.</li> <li>- A linguaxe visual como forma de comunicación.</li> <li>- A linguaxe e a comunicación visual. Finalidades: informativa, comunicativa, expresiva e estética. Contextos e funcións.</li> <li>- Imaxe fixa, secuencial e en movemento. Características, orixe e evolución. O cómic, a fotografía e os formatos dixitais.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
12	A BANDA DESEÑADA	5

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Analizar, de forma guiada, diversas producións artísticas, incluídas as propias e as dos seus iguais, desenvolvendo con interese unha mirada estética cara ao mundo e respectando a diversidade das expresións culturais.	Analizar producións de banda deseñada valorando o seu contexto .	PE	45
CA2.1 - Analizar de xeito guiado as especificidades das linguaxes de diferentes producións culturais e artísticas.	Analizar elementos da linguaxe da banda deseñada.		
CA3.1 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes gráficos e visuais, así como os seus procesos e os resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia.	Recoñecer as cualidades de producións de banda deseñada.		
CA3.5 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, procurando as solucións e as estratexias máis adecuadas para as mellorar.	Explicar producións de banda deseñada propias e alleas tendo en conta o seu proceso.		
CA4.1 - Recoñecer os factores históricos e sociais que rodean as producións visuais e audiovisuais máis relevantes, así como a súa función e a súa finalidade.	Recoñecer as cualidades de obras de banda deseñada tendo en conta o seu contexto histórico.		
CA4.3 - Analizar de xeito guiado as especificidades das linguaxes de diferentes producións visuais e audiovisuais.	Analizar aspectos de producións de banda deseñada propios e alleos.		
CA4.6 - Recoñecer os usos e as funcións das producións e das manifestacións artísticas, cunha actitude aberta e con interese por coñecer a súa importancia na sociedade.	Recoñecer os usos e utilidades da banda deseñada no contexto social.		
CA2.2 - Expresar ideas e sentimentos en diferentes producións plásticas e visuais a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes.	Expresar ideas empregando a linguaxe da banda deseñada.	TI	55
CA2.3 - Realizar diferentes tipos de producións artísticas individuais ou colectivas, integrando racionalidade, empatía e sensibilidade, e seleccionando as técnicas e os soportes adecuados ao propósito.	Realizar producións de banda deseñada empregando diversos elementos.		
CA2.4 - Desenvolver producións e manifestacións artísticas cunha intención previa, de forma individual ou colectiva.	Desenvolver producións de banda deseñada de maneira individual ou colectiva.		
CA2.5 - Utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias.	Utilizar referencias culturais próximas na elaboración de produtos de banda deseñada.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica.	Expresar ideas mediante banda deseñada dunn xeito individual e colectivo cun sentido crítico.		
CA4.4 - Utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias.	Utilizar referencias culturais en producións de banda deseñada individuais ou colectivas.		
CA4.5 - Desenvolver producións e manifestacións visuais cunha intención previa, de forma individual ou colectiva.	Desenvolver producións de banda deseñada dun xeito individual ou colectivo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Os xéneros artísticos máis destacados.</li> <li>- Manifestacións culturais e artísticas máis importantes, incluídas as contemporáneas e as pertencentes ao patrimonio local: os seus aspectos formais e a súa relación co contexto histórico.</li> <li>- A linguaxe visual como forma de comunicación.</li> <li>- Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en dúas dimensións. Técnicas secas e húmidas. O seu uso na arte e as súas características expresivas.</li> <li>- A linguaxe e a comunicación visual. Finalidades: informativa, comunicativa, expresiva e estética. Contextos e funcións.</li> <li>- Imaxe fixa, secuencial e en movemento. Características, orixe e evolución. O cómic, a fotografía e os formatos dixitais.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
13	A ARTE DE CONVENCER	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Analizar de xeito guiado as especificidades das linguaxes de diferentes producións culturais e artísticas.	Analizar características de linguaxe de producións culturais.	PE	40
CA2.2 - Expresar ideas e sentimentos en diferentes producións plásticas e visuais a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes.	Expresarse en producións visuais de carácter publicitario empregando diferentes ferramentas.		
CA4.1 - Recoñecer os factores históricos e sociais que rodean as producións visuais e audiovisuais máis relevantes, así como a súa función e a súa finalidade.	Recoñecer factores sociais que rodean producións publicitarias, así como funcións.		
CA4.3 - Analizar de xeito guiado as especificidades das linguaxes de diferentes producións visuais e audiovisuais.	Analizar as características de producións visuais e audiovisuais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Realizar diferentes tipos de producións artísticas individuais ou colectivas, integrando racionalidade, empatía e sensibilidade, e seleccionando as técnicas e os soportes adecuados ao propósito.	Realizar producións visuais e audiovisuais de maneira colectiva, seleccionando técnicas e soportes adecuados.	TI	60
CA2.4 - Desenvolver producións e manifestacións artísticas cunha intención previa, de forma individual ou colectiva.	Desenvolver producións publicitarias de maneira planificada, dun xeito colectivo.		
CA2.5 - Utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias.	Utilizar referencias culturais da contorna na elaboración de producións propias.		
CA4.4 - Utilizar con creatividade referencias culturais y artísticas da contorna na elaboración de producións propias.	Utilizar referencias culturais da contorna para producións publicitarias propias.		
CA4.5 - Desenvolver producións e manifestacións visuais cunha intención previa, de forma individual ou colectiva.	Desenvolver producións planificadas de maneira individual ou colectiva.		
CA4.6 - Recoñecer os usos e as funcións das producións e das manifestacións artísticas, cunha actitude aberta e con interese por coñecer a súa importancia na sociedade.	Recoñecer usos de producións creativas publicitarias, con actitude crítica e contextualizada na sociedade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A linguaxe visual como forma de comunicación.</li> <li>- A linguaxe e a comunicación visual. Finalidades: informativa, comunicativa, expresiva e estética. Contextos e funcións.</li> <li>- Imaxe fixa, secuencial e en movemento. Características, orixe e evolución. O cómic, a fotografía e os formatos dixitais.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía na materia de EPVA está baseada no modelo construtivista, de tal xeito que moitas das tarefas a desenvolver son procedimentais, aprendendo dos contidos dados mediante a práctica e toma de contacto coa realidade deses contidos.

Dous son os ámbitos principais da linguaxe plástica:

- Saber ver, para coñecer
- Saber facer, para expresarse.

De tal maneira tratamos na asignatura tres aspectos na aprendizaxe de contidos, canle para adquisición de Competencias Clave e consecución de Obxectivos Xerais e Específicos.

O primeiro aspecto é o conxunto de conceptos asociados aos contidos da UD así como a súa relación entre eles e outros contidos.

O segundo é a aprendizaxe, dun xeito máis significativa, mediante tarefas procedimentais; é dicir, o saber facer.

O terceiro é a adquisición de valores e habilidades sociais. Este aspecto é a causa da predisposición das actividades a desenvolverlas dunha maneira colaborativa, mediante grupos de traballo cooperativo.

A materia de EPVA en 1ºESO ten dúas sesións semanais. Procúrase adicar unha delas á linguaxe artística e a outra á linguaxe xeométrica de tal maneira que ao desenvolverse os trimestres ámbalas dúas quedan fusionadas nas distintas tarefas que se dean ao longo do curso.

O Bloque 1 de contidos de Manifestacións Culturais e Artísticas trabállase en tódalas UD xa que serve de catalizador teórico e estético nas primeiras sesións.

O Bloque 4 de Comunicación Visual e Audiovisual empézase a tratar unha vez superados fundamentos da linguaxe artística e xeométrica.

A secuencia habitual de actividades de e/a nas UD é a seguinte:

- Exposición oral e visual dos contidos a tratar a partir da obra dun/ha artista ou movemento artístico ou manifestación cultural.
- Proposta de elaboración de tarefas, con varios graos de dificultade e adaptada á diversidade do alumnado.
- Proba escrita onde valorar o grao de adquisición de contidos teóricos relacionados coa UD.

#### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material de debuxo artístico
Material de debuxo técnico
Material de refugallo
Material audiovisual
Recursos didácticos en aula

##### MATERIAL DE DEBUXO ARTÍSTICO

Material que aporta o alumno/a ou o taller de Plástica, segundo a dificultade da súa obtención ou a continuidade no seu uso pola parte do estudando.

O material aportado polo alumnado componse en xeral de: lapiseiros, gomas de borrar, afialapis, tesoiras, pegamento, papeis de cores, papeis DIN A4 brancos, papeis grosos tamaño DIN A3, caixas de cartón, cores en técnicas secas.

O material aportado polo Centro adoita ser xeralmente: ferramentas para gravado, pinceis, cubetas, paletas, pinturas (témpera, acrílico, óleo), acetatos, láminas de obras artísticas.

##### MATERIAL DE DEBUXO TÉCNICO

Aportado polo alumno/a: escuadra, cartabón, compás, regra, papeis DIN A4, lapis, rotulador.

Aportado polo taller: papel DIN A3, regras grandes, cordas.

##### MATERIAL DE REFUGALLO

Aportado polo alumno/a: caixas de cartón, cordas, teas, revistas, envases.

Aportado polo taller: idem.

##### MATERIAL AUDIOVISUAL

Aportado polo alumno/a: cámaras de fotografar, lupas.

Aportado polo taller: material fotosensible, revistas.

##### RECURSOS DIDÁCTICOS EN AULA

Aportados polo taller: portátil, computadoras, proxector, tórculo, fondo chroma, cámara de fotografar e de vídeo, móbil.

#### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial é o procedemento para creare un punto de partida a partir do nivel de desenvolvemento inicial do alumno/a.

De tal xeito valoramos as Competencias Clave adquiridas e o perfil de saída acadado ao fin da Educación Primaria.

Por outra banda serve para coñecer as capacidades e inquiredanzas de cada un/ha dos estudandos/as e así mellorar a atención á diversidade no curso académico.

Coa avaliación inicial tomamos contacto coas distintas individualidades: alumnado repetidor, alumnado interesado pola materia e/ou con habilidades favorables, alumnado con dificultades para a expresión plástica ou non interesado.

En EPVA 1º ESO, as sesións adicadas á avaliación inicial consisten en introducións teóricas con imaxes sobre contidos



tratados na Educación Artística de E. Primaria e contidos a tratar no curso, acompañadas de exercicios de debuxo, cor e composición; este proceder se debe a que debemos testar os coñecementos previos e insistir na práctica da linguaxe visual e plástica, necesaria para a evolución correcta da materia.

Como conclusión da avaliación inicial faise unha proba individualizada de debuxo e coñecementos que axude como punto de partida dos diferentes niveis de calidade nas tarefas.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	7	7	8	8	9	6	8	8	8	6
<b>Proba escrita</b>	85	20	30	25	25	30	30	0	0	30
<b>Táboa de indicadores</b>	15	80	70	75	75	70	70	100	100	70

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	UD 13	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	10	8	7	100
<b>Proba escrita</b>	45	45	40	31
<b>Táboa de indicadores</b>	55	55	60	69

### Criterios de cualificación:

#### CUALIFICACIÓN POR AVALIACIÓN

O grao de consecución dos criterios de avaliación das distintas unidades da materia establecerase do seguinte xeito:

a) Mediante entregas de traballos teóricos e prácticos, dos que o alumnado coñecerá os indicadores de logro. A nota deste apartado será a media aritmética de todos os traballos, valorándose cun 0 os non presentados. Peso porcentual na nota de cada avaliación: 70%

b) A través de probas teórico-prácticas, nas unidades didácticas que así o requiran. Peso porcentual na nota de cada avaliación: 30%

É importante que se cumpran as instrucións dadas polo profesorado en canto a formato, técnicas, materiais, etc., e que os traballos sexan entregados nas datas indicadas, xa que iso será tido en conta na avaliación.

Os indicadores de logro corresponderanse cos criterios de avaliación e se aplican en forma de rúbricas, listas de cotexo, escalas de valoración, ou outros instrumentos. Un exemplo dalgúns que se poden empregar na meirande parte das unidades didácticas sería o seguinte:

- Aplica as técnicas empregadas con materiais e instrumentos requeridos.
- Aplica os elementos formais (composición, cor, textura, forma...).
- Expresa con corrección os conceptos sobre os que se traballa.
- Acaba e presenta o traballo, tendo en conta limpeza, claridade e orde.
- Segue o proceso de traballo en base ás instrucións.
- Desenvolve os traballos en equipo.

- Entrega as tarefas en prazo.

No caso de rúbricas, moitos exercicios individuais, tanto de expresión artística como xeométrica, teñen a seguinte escala de graos de consecución:

M- M M+ R- R R+ B- B B+ NC

Vexamos un exemplo para unha actividade na que se realiza unha composición de colaxe:

INDICADOR DE LOGRO:

Elabora composición cromática empregando follas de cores coa técnica de collaxe.

GRAOS DE CONSECUCIÓN DO INDICADOR DE LOGRO:

B+: Elabora coa máxima calidade unha composición cromática con de papeis de cores dentro dos parámetros establecidos polo profesor aportando incluso ideas que mellaron o resultado final.

B: Elabora con calidade unha composición cromática con papeis de cores dentro dos parámetros establecidos polo profesor.

B-: Elabora con calidade unha composición con papeis de cores con algún leve fallo no resultado final.

R+: Elabora dun xeito normal unha composición cromática con papeis de cores con algunhas calidades boas no seu resultado final.

R: Elabora dun xeito normal unha composición cromática con papeis de cores sen especiais calidades a destacar.

R-: Elabora dun xeito normal unha composición cromática con papeis de cores con erros no seu resultado.

M+: Elabora unha composición cromática con papeis de cores con erros no seu resultado e máis desaxustes cos parámetros establecidos polo profesor.

M: Elabora unha composición cromática con papeis de cores con evidentes erros no seu resultado e desaxustes cos parámetros establecidos polo profesor.

M-: Elabora unha composición cromática con papeis de cores con notorios erros no seu resultado e máis evidentes desaxustes cos parámetros establecidos polo profesor.

NC: Entrega un resultado plástico que non concorda en absoluto cos parámetros establecidos polo profesor.

No caso de actividades de ampliación a cualificación obtida serve para subir a nota final da avaliación.

As actividades de reforzo teñen a cualificación máxima de 5 excepto no caso de alumnado ACNEAE na que a valoración é de máximo 10.

A cualificación final por avaliación é positiva de 5 a 10 e negativa por baixo de 5, sendo de números enteiros de 0 a 10.

#### CUALIFICACIÓN FINAL

A nota final consistirá nunha media ponderada, na que o peso da avaliación final é o maior. Isto débese a que hai contidos que se tratan só nunha avaliación e outros que se tratan de contidos progresivos, que van acadándose en maior medida segundo avanza o curso.

Peso de cada avaliación na ponderación final:

- 1ª avaliación: 25%
- 2ª avaliación: 35%
- 3ª avaliación: 40%

### **Criterios de recuperación:**

#### RECUPERACIÓN AO LONGO DO CURSO:

O ideal para que o alumnado poida ir superando as dificultades en canto son detectadas, é que reincida sobre os obxectivos non acadados, por medio da reelaboración de traballos.

Non obstante, o alumno/a que non obtén cualificación positiva nunha avaliación, como resultado do conxunto das tarefas, ten que facer nos días posteriores á data de avaliación unha proba de carácter máis conceptual que procedimental sobre os contidos desenvolvidos durante o trimestre. Tense especial atención sobre aqueles Saberes Básicos máis xerais e fundamentais.

#### RECUPERACIÓN FINAL:

O alumnado que non supere a materia unha vez avaliados os tres períodos citados, pode presentarse a unha avaliación final que consistirá en:

a) Elaboración dun proxecto teórico-práctico a realizar durante o tempo de clases, guiado polo profesor. Peso porcentual na nota: 40%

b) Proba teórico-práctica. Peso porcentual na nota: 60%

Durante o tempo de preparación co que conta o alumnado desde que remata a 3ª avaliación ata a final, faise un percorrido polos contidos teóricos a avaliar e guíaselle para poder levar a cabo a parte práctica do proxecto.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

#### SEGUIMIENTO PERIÓDICO:

O alumnado coa materia pendiente ten un seguimento continuo polo parte do profesor dende o mes de setembro, unha vez falado co titor/a.

A partir deste momento se lles entregan exercicios de resolución curta cada semana con instrucións e baseados nos saberes básicos da materia e curso pendiente.

A acumulación de tarefas teórico/prácticas entregadas fai que se valore positivamente a avaliación da materia pendiente. Se hai poucas ou deficientes entregas nalgún trimestre, faise unha proba teórica e práctica alo menos unha semana antes da data de entrega de notas trimestral marcada polo Centro.

É importante que se cumpran as instrucións dadas en canto a formato (caderno, carpeta, traballos soltos, dixital...) técnicas, materiais, etc., e que sexan entregadas non despois da entrega do seguinte exercicio pola parte do profesor, xa que iso tense en conta como entrega con retraso, constando como indicador de logro.

A nota final consiste na media das 3 entregas ou avaliacións, segundo un peso en evolución crecente, que permite ao alumno/a unha progresividade na adquisición das competencias necesarias para superar a materia:

- 1ª entrega: 30%

- 2ª entrega: 30%

- 3ª entrega: 40%

#### PROBA FINAL:

De non superar a materia nalgún dos trimestres, o alumnado pode presentarse a unha proba final, que consiste nunha proba teórico-práctica, dentro do calendario estipulado polo Centro.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Un grupo de alumnos/as é unha entidade sobre a que exercemos o feito docente e o simple cambio dun/ha dos seus individuos altera tal entidade.

Non obstante e por outra banda cada estudando é unha individualidade con diferentes capacidades, sentimentos e bagaxe... E debe ser tido en conta á hora de deseñar as actividades de e/a, máis aló do grupo.

O currículo educativo prescrito é suficientemente aberto como para crear variedade nas propostas e tamén para rectificar a planificación de propostas que intuimos serán óptimas na PD.

Na atención á diversidade contemplamos tres modos de adaptacións:

- Unha a priori para a colectividade, na que se lanza unha proposta de contidos na que se pretende a aprendizaxe máis significativa posible dentro dese grupo.
- Outra para determinadas persoas nas que se observan dificultades específicas de aprendizaxe nas tarefas a desenvolver. Sobre estes casos préstase maior atención e/ou entréganse actividades de reforzo.
- Outra para alumnado declarado ACNEAE, para as que se deseñan dende o inicio actividades de reforzo ou ampliación, segundo o caso.

De todos xeitos, trala posterior exposición de contidos no inicio das UD as tarefas a realizar son suficientemente abertas como para contemplar a diversidade de inquiredanzas e resultados.

Outra das medidas para atender á diversidade é a grande cantidade de pequenas propostas de actividades durante o trimestre, para evitar que a avaliación dependa dunhas poucas.

Nos cursos de 1º ESO hai alumnado que, dentro da heteroxeneidade, presenta as seguintes particularidades:

- un alumno proveniente do estranxeiro que estará durante o primeiro trimestre e que busca inmersión lingüística en Galicia.
- alumnado de familia marroquí arraigada na zona.
- un alumno con TEA.
- un alumno con DEA.

Respecto deste alumnado mantense unha constante comunicación co Departamento de Orientación e as persoas titoras dos respectivos grupos A e B.

En canto ao primeiro caso valórase ante todo o reforzo na Competencia Lingüística.

En canto ao segundo, a relación e coñecemento intercultural no deseño de actividades de e/a.

En canto aos casos terceiro e cuarto trabállanse os mesmos contidos pero as tarefas están enfocadas á creación dun portfolio persoal do asimilado durante o curso, cunha valoración de rúbricas diferente ao do resto de compañeiros sen chegar a ser Adaptacións Significativas, sen afectar aos elementos básicos do currículo.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual								
ET.4 - Competencia dixital								
ET.5 - Emprendemento social e empresarial						X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico						X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X		

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable								
ET.11 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Prevención e resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual			X	X	X
ET.4 - Competencia dixital			X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores			X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X	X
ET.10 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable			X	X	X
ET.11 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais	X	X	X	X	X
ET.12 - Prevención e resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X	X

**Observacións:**

Segundo se recolle no decreto que regula a implantación da Educación Secundaria Obrigatoria, os elementos transversais deben tratarse en todas as materias do curso. Recóllese neste listado todos os que son obrigatorios e tamén os que se consideran importantes para a materia e a formación do alumnado.

Debemos telos en conta á hora de seleccionar os materiais cos que se traballa, sexa en formato texto, imaxes ou contidos audiovisuais. Tamén no deseño das actividades que o alumnado poña en práctica, na organización dos equipos de traballo, na orientación dos debates, etc.

Algunhas concrecións dos elementos transversais citados son as seguintes:

- Na educación para a igualdade de xénero, evítanse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou de identidade de xénero.
- En canto ao emprendemento social e empresarial e á creatividade, trátase de afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.
- Na cooperación entre iguais e a prevención e resolución de conflitos, foméntase os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e polo Estado de dereito, e o rexeitamento da violencia terrorista ou calquera outro tipo de violencia.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición
Visitas a espazos expositivos reais ou virtuais	visitas reais ou virtuais e actividades ao redor de exposicións temporais ou permanentes
Charlas e/ou videoconferencias sobre contidos da materia ou transversais	charlas con persoas expertas en temas xa sexa presencial no centro ou ben por Internet
Concursos individuais ou colectivos relacionados coa materia	participación en certámenes artísticos onde aprender a desenvolver a capacidade creativa
Realización de proxectos interdisciplinares	participación en propostas interdisciplinares entre departamentos ou ben do propio Centro ou biblioteca

### Observacións:

Trátase de planificar as actividades complementarias do departamento antes do inicio do curso, na medida do posible. Non sempre pode ser xa que hai eventos que son ofertados ao longo deste, hai cambios nas programacións das institucións artísticas da comunidade ou non sempre as coñecemos ao inicio do curso académico. No referente a concursos depende do nivel de desenvolvemento do alumno/a e a dispoñibilidade do currículo respecto a datas.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
(P) Consulto a programación ao longo do curso e realizo modificacións en función do desenvolvemento do curso.
(P) Elaboro a programación adaptada as posibilidades que ofrece o centro.
(P) O alumnado está familiarizado cos elementos básicos da programación.
(A) Informo ao alumnado dos indicadores de logros nas diferentes tarefas antes e durante as actividades.
(M) Amoso imaxes e traballos de alumnado de cursos anteriores.

(M) Motivo ao alumnado dende o seu nivel de desenvolvemento, relacionando os contidos con situacións reais, creando deste xeito expectativas.
(M) Os agrupamentos son prácticos segundo as tarefas.
(M) As tarefas son diversas e abertas, buscando o traballo cooperativo e compartindo entre eles saberes.
(M) O material é variado e acorde coa actividade.
(M) Motivo e procuro un ambiente de aprendizaxe fluido na aula.
(AD) Teño en conta a diversidade no referente á organización de grupos e diversidade de tarefas.
(AD) A programación ten en conta a diversidade.
(AD) Teño en conta o alumnado que se afasta da media.
(A) Emprego distintos tipos de probas.
(A) Teño en conta as competencias á hora de avaliar.

### Descrición:

Para levar a cabo unha adecuada avaliación da práctica docente, é necesario ter en conta:

- Establecer indicadores de logro que servirán para comprobar o funcionamento da programación e valorar a actuación propia como docente.
- Diseñar un procedemento adecuado para recoller os datos correspondentes que permitan valorar a situación.
- Analizar os resultados obtidos.
- Propoñer e incorporar as medidas de mellora que sexan necesarias.

Os indicadores de logro organízanse en torno a catro apartados:

(P) Programación (M) Metodoloxía (AD) Atención á diversidade (A) Avaliación.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación revísase ao inicio do curso a partir das propostas de mellora do curso anterior que constan na correspondente memoria do departamento.

Durante o curso faise un seguimento da programación cunha periodicidade mensual. Compróbase o grao de consecución dos obxectivos e fanse constar os aspectos salientables referentes ao discorrer do curso nas correspondentes actas de departamento.

Independentemente de que cada tarefa crea una avaliación e autoavaliación, establécense dous momentos importantes para a autoavaliación da práctica docente:

- 1) ao remate de cada unidade didáctica, para identificar carencias no alumnado;
- 2) ao rematar cada trimestre, unha vez obtidos os resultados da avaliación.

En canto ao procedemento de seguimento, as ferramentas empregadas para analizar os indicadores de logro consisten en:

- folia de rexistro onde anotar os aspectos máis cuantificables;
- diario de aula;
- rúbrica de autoavaliación que cuantifica o grao de consecución dos obxectivos acadados;
- estatísticas de resultados;
- cuestionarios e enquisas ao alumnado...

## 9. Outros apartados